Concello de AMES

ACTA Nº: 18 / 2021

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ECONOMÍA E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, DO DÍA 16.04.2021, ÁS 14:00 H.

LUGAR: Sesión celebrada de forma telemática, tal e como foi acordado na Xunta de Voceiros do 06.11.2020, co fin de tratar de minimizar os riscos da Covid-19

DÍA: 16.04.2021

HORA DE COMEZO: 14:00 h

HORA DE FINALIZACIÓN: 14:30 horas

PERSOAS PRESENTES:

Grupo municipal Socialista	José Blas García Piñeiro
	Manuel Lens Cernadas
	Susana Señorís Rodríguez
Grupo municipal Popular	Francisco Javier Olmo Olmo
	Mª Oliva Agra Costoia
Grupo municipal BNG	Natividad González Rodríguez
Grupo municipal Contigo Podemos	Genma Otero Uhía
Grupo mixto	José Ramón Oulego Erroz

Actúa como **presidente**, José Blas García Piñeiro e como **secretaria**, Rosa Ana Prada Queipo.
Asiste tamén a **interventora,** Margarita Fernández Sobrino.

Asiste como invitado con dereito a voz pero sen voto e sen retribución o concelleiro do grupo mixto, Enrique Costas Bastero (artigo 10 ROM).

ORDE DO DÍA

Punto primeiro.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

Punto segundo.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva orzamento municipal 2021.

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

A urxencia da convocatoria é ratificada por unanimidade dos concelleiros/as.

C.I.F.: P – 1500200 – I
HASH DO CERTIFICADO: DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
POSTO DE TRABALLO: Secretaria Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC23011DC0FFB35D646B6
NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal

2.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO MUNICIPAL 2021.

Expediente GestDoc: 2590/2021

Antes de proceder á votación deste asunto, intervén o Concelleiro do grupo municipal Popular, Francisco Javier Olmo Olmo, para anunciar que acaban de presentar polo rexistro de entrada do Concello un escrito no que expoñen que:

En relación co Informe conxunto de Secretaria Xeral e Intervención, de data 15 de abril de 2021, relativo á resolución de alegacións e aprobación definitiva do orzamento municipal 2021 (Expediente Gestdoc 2590/2021), xorden determinadas cuestións que consideran preciso sexan obxecto de aclaración polas redactoras do devandito informe; por iso, solicitan a aclaración do referido informe, dándose resposta por escrito, ás seguintes cuestións:

"1a.- Desde o día 1 de xaneiro de 2019 e ata a data de hoxe, en que período, ou períodos de tempo, o tipo impositivo do 0,44% estivo vixente?

2a .- Desde o día 1 de xaneiro de 2019 e ata a data de hoxe, en que momento, de habela, produciuse unha derrogación, tácita ou expresa, do artigo 13, regulador dos tipos impositivos, da ordenanza fiscal n° 21 reguladora do IBI?

3a.- Desde o día 1 de xaneiro de 2019 e ata a data de hoxe, cantas e cales modificacións se efectuaron do articulo 13 da ordenanza fiscal n° 21 reguladora do IBI?"

A proposta da alcaldía para a resolución das alegacións e para a aprobación definitiva do orzamento municipal 2021 é ditaminada favorablemente cos votos a favor dos 5 concelleiros/as do grupo de goberno municipal, coa abstención do concelleiro do grupo mixto, José Ramón Oulego Erroz, e cos votos en contra dos/as 2 concelleiros/as do grupo municipal popular.

Sen mais asuntos que tratar o presidente remata a sesión de todo o que eu, como secretaria, deixo constancia.

Vº e prace
O presidente

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

HASH DO CERTIFICADO:
DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9
0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
POSTO DE TRABALLO:
Secretaria
Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC23011DC0FFB35D646B6
NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal